

**CONCELLERÍA
DE
EDUCACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



NOVAS

NOTA INFORMATIVA DO 17 DE ABRIL DE 2026.

PUBLICACIÓN DA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE BAREMACIÓN DA CONVOCATORIA DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, ANO 2026

Prezado/a alumno/a, o venres 17/04/2026 publicouse a 1ª Acta da Comisión de Valoración coa proposta de resolución provisional de baremación da convocatoria das bolsas “Concello de Vigo” para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da EOIV no ano 2026 (Expte. 99600-332).

Conforme ao contido das bases da convocatoria, determínase que por procedemento ordinario todos aqueles interesados/as contarán cun periodo de 10 días hábiles para a presentación de reclamacións ou emenda de erros advertidos, contados a partires do día seguinte á publicación desta acta na web <https://escolas.vigo.org/bolsaseoiv>, é dicir do luns 20 de abril ao luns 04 de maio.

NESTE INTRE NON HAI QUE ENTREGAR NINGÚN TIPO DE DOCUMENTACIÓN DE ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DE PRAZA

Con posterioridade á resolución das reclamacións achegadas, estes listados provisionais serán elevados á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación definitiva por parte deste órgano competente, e será “logo desta aprobación definitiva da concesión das prazas”, cando o Servizo Municipal de Educación comunicará no seu intre e con antelación suficiente a todos os/as alumnos/as beneficiarios/as, o proceso concreto para a aceptación ou renuncia de praza.